



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Conferencia A xestión de fondos do instrumento europeo de recuperación: marco xurídico-administrativo.

CONVOCATORIA: Conferencia A xestión de fondos do instrumento europeo de recuperación: marco xurídico-administrativo.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 14/10/2022 - 09:00h ao 20/10/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O instrumento europeo de recuperación e a súa tradución no Plan español de recuperación e resiliencia abren oportunidades de financiamento de proxectos en todos os niveis administrativos. Para a súa correcta execución, é preciso coñecer as múltiples normas aplicables, as mellores opcións organizativas e procedementais de xestión, os controis e cautelas que se adopten e os riscos que deben ser evitados para evitar expedientes de devolución no futuro.

Os obxectivos que se perseguen con esta conferencia son:

- Dar a coñecer de maneira sistemática o conxunto de normas que deben ser aplicadas na execución dos fondos.
- Facilitar as decisións organizativas e procedementais na xestión dos fondos.
- Formar sobre as responsabilidades e controis que deben ser tidos en conta.
- Advertir acerca dos riscos do incumprimento e as súas consecuencias.

Para matricularse hai que escoller primeiro a área "Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas".

AMPLIADO O PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O DÍA 20 DE OUTUBRO, ÁS 23:59 horas!!

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e das súas entidades públicas instrumentais; da Administración institucional, da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia; e a profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

De acordo cos obxectivos desta actividade, analizaranse nesta conferencia:

1. A normativa aplicable, incluídas as normas da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. As opcións organizativas, procedementais, de persoal e de contratación.
3. Os controis.
4. As prevencións para evitar os riscos de incumprimento.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base terceira da convocatoria respecto das persoas destinatarias. A orde de selección virá determinada pola data e hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos nas bases terceira e oitava da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións) e despois seleccionar en «nome do curso»: Conferencia A xestión de fondos do instrumento europeo de recuperación: marco xurídico-administrativo.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/10/2022 a 21/10/2022

NUM. PRAZAS: 298

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

RICARDO RIVERO ORTEGA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 21 de outubro de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA